



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

25.-REGULAMENTO DO SERVIZO DE RECOLLA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

PUBLICACIÓN:
B.O.P. 03/08/2002

NO FISCAL

Capítulo I Normativa Xeral

Art. 1º.- A base legal do presente regulamento está no art. 9 da Lei 11/97, cumprindo con o ordenado no art. 155.2 da LCAP, Texto Refundido aprobado por RDL 2/2000, de 16 de Xuño.

Art. 2º.- Entenderá-se por residuos sólidos urbanos, para os efectos deste regulamento, todos aqueles materiais resultantes de procesos transformadores, de uso, consumo ou limpeza, cuando os seus posuidores ou produtores os destinem ao abandono, e sempre que o seu volume, peso e demais características permitan a súa retirada polos servizos municipais.

Art. 3º.- Entende-se por recolla domiciliária, para os efectos do presente regulamento, a recolla de lixo em comércios, domicílios particulares, centros de servizos, centros de saúde, centros industriais, hotéis e cuaisquer outros similares.

Art. 4º.- Considera-se usuario do servizo cualquier persoa física, xurídica ou entidade que figure nos correspondentes rexistros municipais como demandante do servizo, ou a quem em seu nome se lle estenda o preceptivo recibo.

Capítulo II Das modalidades de prestazom do servizo

Art. 5º.- O Concello de Xinzo de Límia prestará-se baixo a modalidade de xestom directa ou através de convénio com outras entidades.

As modalidades de prestazom do servizo som as que a seguido se detallam:

- a) Recolla de carácter xeral.
- b) Recolla mono-material de papel e cartom, segundo o convénio con SOGAMA.
- c) Recolla selectiva de envases de vidro, segundo convénio com ECOVIDRO.
- d) Uso de depósitos de azeite, segundo contrato com PORTVIGO, S.L.
- e) Recolla selectiva de pilas.
- f) Recolla de enseres e trastes vellos.



* Está-se à espera de implantar a recolla selectiva de envases de sulfatos e pesticidas agrícolas.

Capítulo III

Da obrigatoriedade do servizo

Art. 6º.- Com o fim de garantir a salubridade cidadá, entenderá-se que a recolla de residuos sólidos urbanos é de carácter xeral e obrigatorio cuando se trate de lixo e outros restos producidos como consecuencia das actividades e supostos que a seguido se relacionam:

a) Domicilios particulares, incluíndo-se escórias e cinzas de sistemas de aquecemento.

b) Comerciais e de servizos, incluídas zonas de lazer.

c) Sanitárias em centros de saúde, clínicas e similares.

Art. 7º.- O servizo municipal nom atenderá em caso algum a retirada de residuos derivados das seguintes actividades:

a) Industriais que nom sexam asimiláveis a residuos sólidos urbanos.

b) De actividades construtivas.

c) Retirada de entullo procedente de obras menores domiciliárias.

d) Agrícolas e gadeiras.

e) Os que devam ser depositados em vertedoiros especiais.

f) Resíduos hospitalares bio-perigosos.

Capítulo IV

Procedimento e elementos da recolla

Art. 8º.- O servizo de recolla domiciliária será diário no centro urbano, e de duas veces por semana nas zonas do rural, salvo causas de forza maior.

Os usuarios depositarán os residuos axustando-se estritamente aos horarios que se determinem através de Bandos da Presidencia do Concello.

Art. 9º.- O Concello instalará contentores suficientes para a recolla de lixo, atendendo às necesidades de cada umha das vias públicas, zonas rurais ou núcleos urbanos.

Os usuarios virám obrigados a empregar bolsas de plástico para depositar o lixo nos contentores. Proibe-se terminantemente depositar lixo ou residuos directamente nos contentores, así como deixá-los na via pública.



Art. 10º.- O Concello levará os residuos sólidos urbanos, salvo os enseres e trastos vellos, e também os entullos e restos de obras, à Ecoplanta de Transferencias de S. Cibrão das Viñas, ao menos até que se instale a planta empacadora de Xinzo, empregando para transportá-los vehículos adecuados a tal fim, com compartimentos herméticos que evitem maus olores e perdas de lixo.

Capítulo V **Dos servizos nom obrigatórios**

Art. 11º.- Os servizos aos que se refere o parágrafo segundo do art. 6º serán prestados, no caso de que se cumpram os requisitos requeridos, a pedimento dos interesados e na data que se anuncie oportunamente.

Art. 12º.- Cuando se trate de residuos que polo seu volume e especiais características nom podam ser recollidos polos servizos normais do Concello, os produtores ou posuidores virám obrigados a facilitar sobre os mesmos a informazom que ao respeito se lle demande. O Concello poderá exixir tratamentos prévios ou que sexam reducidos, así como também que o usuário os retire com os seus próprios meios a lugar adecuado.

Capítulo VI **Direitos e deberes dos usuários**

Art. 13º.- Os usuários do servizo têm direito:

- a) A que o Concello lles retire os residuos sólidos urbanos os dias e no horário asinalados, e com os meios técnicos mais adecuados, salvo em casos de forza maior.
- b) A nom realizar vertidos que nom cumpram os requisitos de residuos sólidos urbanos, nos termos das actividades e supostos previstos no art. 6º deste regulamento.
- c) A que as taxas a abonar pola prestazom do servizo se fixem através da ordenanza fiscal correspondente.
- d) Aos demais direitos que se podam derivar do presente regulamento ou sexam determinados pola normativa legal sobre a matéria.

Art. 14º.- Os usuários do servizo están obrigados:

- a) A depositar os residuos em bolsas de plástico adecuadas e separadas às horas e nos lugares que previamente se determinem, introducindo-os inexcusavelmente nos contentores dispostos ao feito.
- b) A nom realizar vertidos que nom cumpram os requisitos de residuos sólidos urbanos, nos termos das actividades e supostos previstos no art. 6º deste regulamento.
- c) A satisfacer a taxa na cuantia e forma previstas na correspondente ordenanza fiscal. Os usuários que estén abonados ao servizo municipal de águas



poderám domiciliar o pagamento em entidade bancária da sua conveniência, ou, alternativamente, poderám fazé-lo efectivo na Tesouraria do Concello. Os recibos serán emitidos pola arrecadazom municipal.

d) A cumprir cuaisquer outras obrigas que se derivem deste regulamento e das normas legais de aplicazom.

e) A conservar os bens afectos ao servizo, em especial contentores e papeleiras, respeitando o lugar onde se encontrem ubicados.

Capítulo VII

Procedimento sancionador

Art. 15º.- Os usuários do servizo de recolla do lixo e demais resíduos sólidos urbanos virám obrigados a responder das faltas a este regulamento e à normativa sectorial que eles mesmos cometam, e também seus familiares e asalariados.

Art. 16º.- Serám consideradas faltas:

- a) Nom usar bolsas ou recipientes adecuados.
- b) Depositar o lixo fora do horário que ao efecto se asiná-le .
- c) Depositar os resíduos em lugares nom autorizados.
- d) Incluir em bolsas ou recipientes materiais nom considerados resíduos sólidos urbanos segundo o previsto no presente regulamento.
- e) O maltrato ao material afecto ao servizo.

Art. 17º.- As faltas cometidas polos usuários do servizo serán sancionadas polo Presidente do Concello, prévio expediente instruído em forma regulamentar, dando a preceptiva audiéncia ao interesado no suposto de multa pecuniária, nos termos do cuadro que a seguido se detalla:

- a) Mediante apercebimento escrito devidamente notificado.
- b) Com multa de até 200 € para os casos de reincidéncia, segundo a gravidade da falta.

Capítulo VIII

Recursos e escritos reclamatórios

Art. 18º.- Contra cualquier ordem ou situazom de facto que nom teña a cualificazom de acto administrativo poderám ser presentado escrito reclamatório perante o Sr. Presidente.

Art. 19º.- As multas ou actos resolutorios de cualquier órgao do Concello decidindo constituir, organizar, modificar ou suprimir o servizo poderám ser obxecto de recurso perante os tribunais do contencioso-administrativo.

Capítulo IX



Altas e baixas no servizo

Art. 20º.- Toda alta no servizo será obxecto de pedimento do usuario no que se farán constar todas as referencias de carácter fiscal necesarias para estender os recibos, así como tamén as que permitan identificar o predio urbano de que se trate.

Procederá-se igualmente a incluír no censo de usuarios a todos cuantos demandem a alta no servizo de abastecimento de augas.

Será obriga dos usuarios o pagamento da taxa do servizo, nos termos da ordenanza fiscal, desde que figurem de alta no censo de usuarios.

Art. 21 º.- A baixa no censo de usuarios será tramitada a pedimento do interesado, ou de persoa que devidamente autorizada o represente, e será autorizada unha vez se xustifique e comprove o pagamento de todos os recibos das taxas devengados até ese momento. Tendo en conta o carácter de obrigatorio do servizo, non serán autorizadas baixas a quenes figurem de alta no servizo de abastecimento de augas.

Capítulo X Normativa legal de aplicazom

Art. 22º.- Serán de aplicazom ao servizo, ademais das normas que se contén no presente regulamento, todas as que atinxem ao rexime local, e en especial o Regulamento dos Servizos das Entidades Locais.

Disposizom final

O Presente regulamento, que consta de vinte e dous artigos, entrará en vigor no día seguinte àquele em que sexa publicado integralmente no "Boletim Oficial da Província", unha vez transcorrido o prazo ao que se refere o art. 65.2 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Rexime Local.

Xunzo de Límia, 23 de Maio de 2002.

O Presidente,

O Secretario